

Ficha 1

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

As persoas estamos formadas por millóns de partes moi pequenas chamadas **células**.
As células son as unidades máis pequenas que forman os seres vivos e que realizan as tres **funcións vitais** de nutrición, relación e reprodución.

1 Completa o texto escribindo as palabras que faltan.

Os seres humanos temos en común con todos os seres vivos dúas características:

- Realizamos as funcións vitais de _____, _____ e _____.
- Estamos formados por _____.

2 Que nome reciben os seres vivos formados por máis dunha célula? Pon dous exemplos deste tipo de seres vivos.

3 Que instrumento se necesita para observar as células? Por que?

4 Relaciona cada función vital coa súa definición.

- | | |
|---------------|---------------------------------------------------------------------------------------|
| Nutrición • | • As células divídense e orixinan outras células fillas. |
| Relación • | • As células obteñen as substancias que necesitan para medrar e conseguir enerxía. |
| Reprodución • | • As células reciben a información do medio que as rodea e poden reaccionar ante ela. |

5 Pon tres exemplos de tipos de células do corpo humano.


Ficha 2

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

No noso corpo as células do mesmo tipo únense formando **tecidos**. Os tecidos agrúpanse formando **órganos** e a unión de varios órganos dá lugar aos **aparellos** e os **sistemas**.

O noso organismo está formado pola unión de todos os aparellos e sistemas do noso corpo que traballan de forma coordinada.

1 Escribe o nome dos niveis de organización que representan os debuxos.



2 Que é un tecido? Pon dous exemplos de tecidos do noso corpo.

3 Completa o texto escribindo as palabras que faltan.

Un _____ consta de órganos de diferente tipo. O _____
inclúe órganos como a lingua, o estómago, o figado e os intestinos.

4 Completa a táboa escribindo os textos que faltan.

Nivel de organización	Definición	Exemplos
Órgano		
	Varios órganos do mesmo tipo que realizan a mesma función.	